



## Concello de Gondomar

### DECRETO DA ALCALDÍA

**Expediente núm.:** 1585/2018

**Memoria Xustificativa:** CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO DO SERVIZO DENOMINADO REDACCIÓN DE PROXECTO E PLAN DE DINAMIZACIÓN DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS.

**Procedemento:** Aberto.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA/PROVIDENCIA DE INICIO

#### 1. Obxecto do contrato

Constitúe o obxecto do presente procedemento a contratación dun equipo multidisciplinar para a redacción dun proxecto e Plan de dinamización de camiños escolares seguros na rede de estradas provinciais ao abeiro do das Bases reguladoras para a convocatoria de subvencións aprobadas pola Deputación de Pontevedra, publicadas no BOP núm. 89 de data 09.05.2018.

O contido dos traballos a realizar será o detallado no prego de prescricións técnicas particulares que en todo caso deberá axustarse ao disposto no Anexo I das bases reguladoras da subvención citadas no parágrafo anterior e ao que aquí nos remitimos.

#### 2. Análise Económica

Sínálase como tipo de licitación o importe do proxecto, que é o seguinte:

A.-Obras anuais	
Base imponible .....	27.547,93
Importe IVE .....	5.785,07
Total .....	33.333,00 Euros (IVA ENGADIDO)

<b>VALOR ESTIMADO</b>	Base imponible: 27.547,93 euros 20% (modificacións previstas de proxecto): 10% (aumento de medicións, certificación final): Total VALOR ESTIMADO: 33.333,00 euros
-----------------------	--

#### 3. Análise do Procedemento

##### a. Xustificación do procedemento

### Concello de Gondomar



## Concello de Gondomar

---

Utilízase o procedemento aberto de acordo co previsto cos artigos 156 - 158 ambos inclusive, da LCSP, en base aos criterios de adxudicación baseados en xuízo de valor e mediante a aplicación de fórmulas.

### **b. Análise de execución por lotes**

Este contrato non se fracciona en lotes en base ao disposto no apartado b) do artigo 99 da LCSP 2017.

Entre os motivos válidos que xustifican a non división en lotes atópanse:

- A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.
- Que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do mesmo, por implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

As principais razóns polas que se xustifica a non división en lotes do presente contrato son:

- Facilita a comunicación co responsable de prestación da empresa que é unha única persoa, sen que o único concelleiro responsable do servizo teña que comunicarse cunha pluralidade de persoas, mellorando substancialmente a comunicación de incidentes, avisos sobre problemas na tramitación, etc. na prestación do servizo.
- Interlocución unificada para a prestación do servizo, o cal permite resolver con maior axilidade a coordinación dos incidentes permitindo unha execución das prestacións de modo máis eficaz e eficiente.

En consecuencia, en base aos motivos expostos, xustifícase a non división en lotes das prestacións obxecto do presente contrato polos motivos contemplados no artigo 99.3. b da LCSP.

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no artigo 25.2.d da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

### **c. Duración**

O prazo de execución do contrato será a entrega antes do 15.12.2019.

### **RESOLUCIÓN:**

En base as consideracións expostas RESOLVO:

---

## Concello de Gondomar



## Concello de Gondomar

---

**Primeiro.** Avocar a competencia para este asunto por circunstancias de urxencia, delegadas na Xunta de Goberno Local, mediante resolución do 15 de xullo, do seguinte modo:

*“Contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, salvo as relativas á apertura do procedemento de adxudicación e á adxudicación.”*

**Segundo.**- Aprobar e publicar esta memoria xustificativa/providencia de inicio do expediente de contratación no perfil do contratante de acordo co artigo 63.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O manda, sela e asina o Sr. alcalde dixitalmente na data que se consigna na marxe e do que eu, como secretario, dou fe.